

Celgga

Certificado
Lingua
Galega



PROBA B (ORAL)

Caderno dos examinadores

A continuación, lea vostede o seguinte texto. Tome as notas que precise.

CANTO CUSTA IR AO TRABALLO?

Galiza, xunto coa Rioxa e con Estremadura, é a comunidade onde menos custa ir ao traballo, segundo se recolle na análise “Canto custa ir ao traballo?”, editada polo Servizo de Estudos de La Caixa.

No estudo analízase o gasto que supón chegar ao posto de traballo e a volta á casa en tempo e en diñeiro.

O resultado do estudo fixa en 57 minutos diarios o tempo medio empregado en ir e volver do traballo polos españois, que representa preto de 8 euros ao día, a prezos de 2007.

Os traballadores que viven na comunidade madrileña, seguidos dos que habitan nas cidades de Barcelona e Madrid, son os que máis gastan en ir ao traballo: 12,2, 11,9 e 11,1 euros respectivamente. Na Rioxa, en Estremadura e en Galiza é onde menos custa, ao redor de 6 euros diarios.

Transporte público ou privado?

O estudo mostra, por outra banda, que as viaxes nas que se utiliza o transporte público duran máis ca as viaxes en transporte privado. Un traballador que usa o transporte público tarda, de media, 40 minutos máis ca o que vai en transporte privado, e tamén gasta 4,7 euros diarios máis.

Segundo o estudo, o gasto medio dos galegos de 6 euros diarios, equivale a 1350 euros anuais por traballador.

Texto adaptado de <http://www.anosaterra.org/nova/canto-custa-ir-ao-traballo-.html>

PARTE 2

1. BENVIDA AO CANDIDATO	1 minuto aprox.
<ul style="list-style-type: none">▪ Como está?▪ Como se chama?▪ A que se dedica?	

2. PREGUNTAS DE CONTACTO PERSOAL	3 minutos aprox.
<ul style="list-style-type: none">▪ De onde é? Fale un pouco sobre a súa cidade/vila/aldea...▪ Canto tempo leva estudando galego?▪ Por que o estuda?▪ Que lle gusta facer no tempo libre? Que afeccións ten? <p>(Se procede)</p> <ul style="list-style-type: none">▪ Que lle gusta máis da cultura galega?▪ Que diferenzas atopa entre a cultura galega e a súa?	

3. RESUMO	1-2 minutos aprox.
<p>Faga un resumo do contido do texto.</p> <ul style="list-style-type: none">▪ Canto diñeiro lles custa ir ao traballo aos galegos? E canto tempo?▪ Hai diferenzas dependendo do lugar onde se vive? Cales?▪ Que diferenza hai entre empregar o transporte público ou o privado?	

3. INTERACCIÓN

4 minutos aprox.

OPCIÓN A

- Que información do estudo lle chamou máis a atención? Por que?
- En que medio de transporte se despraza vostede normalmente?
- Canto tempo necesita? Parécelle moito ou pouco?
- E canto diñeiro gasta? Parécelle barato ou caro?
- Con que frecuencia vai vostede en transporte público? E en privado?
- Cal prefire? Que pensa que é o mellor e o peor de usar un ou outro?
- *(Se procede)* Como funcionan os medios de transporte público no seu lugar de orixe? Cales son as semellanzas e as diferenzas con Galicia?

OPCIÓN B

- Está vostede de acordo co estudo? Por que?
- Ten vostede carné de conducir? En caso afirmativo: Gústalle conducir? Por que?
- Ten vostede coche? Como é? Gústalle?
- Usa vostede outros medios de transporte privado? Cales?
- Fai vostede autostop algunha vez ou recolle autostopistas?
- Prefire vostede viaxar en coche ou en transportes públicos? Por que?
- *(Se procede)* Como funcionan os medios de transporte público no seu lugar de orixe? Cales son as semellanzas e as diferenzas con Galicia?

OPCIÓN C

- Que pensa vostede do estudo? Está de acordo con el?
- Funcionan ben os medios de transporte públicos no lugar onde vive?
- Que medio de transporte público lle gusta máis? E cal menos? Por que?
- Cal é o seu medio de transporte público preferido para viaxar? E o que menos lle gusta? Por que?
- Que pensa dos prezos dos billetes? Cal cre que é o máis barato e cal o máis caro?
- Hai algún medio de transporte no que non foi nunca e quere ir? Cal ou cales?
- *(Se procede)* Como funcionan os medios de transporte público no seu lugar de orixe? Cales son as semellanzas e as diferenzas con Galicia?